



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA), E A ESCUDERÍA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DUN EVENTO RELACIONADO COAS ENERXIAS RENOVABLES

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

DECLARA:

Que esta entidade de dereito público formalizou coa Escudería Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte a súa sinatura ata o 30 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre o Inega, e a Escudería Coruña para levar a cabo o Eco-Rallye da Coruña 2019.

O contido das actividades a desenvolver dentro deste convenio é o seguinte:

- Executar as actuacións previstas dentro do Eco-Rallye.
- Deseño do contido do curso.
- Elaboración da documentación da actuación.
- Elección do profesorado e achegar todos os medios persoais, técnicos e materiais que permitan a realización da actividade formativa e impartición dos contidos.
- Facer constar expresamente a colaboración prestada polo Inega na información e publicidade das actuacións obxecto do convenio coa utilización do correspondente logotipo identificativo.
- Entregar un informe final das actuacións realizadas

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no desenvolvemento de actividades de interese xeral en materia de enerxía, co fin de promover actuacións que contribúan a eficiencia e aforro enerxético na conducción, organizando cursos que anime aos pilotos a cambiar os seus hábitos de conducción, dando prioridade á protección do medio ambiente, a sustentabilidade do sector do transporte mediante o uso da electricidade e de combustibles alternativos como fonte de enerxía para propulsar os vehículos, razóns polas cales ambas institucións consideran moi conveniente asinar este convenio.





Todas estas actuacións que vai desenvolver o Inega e a Escudería Coruña, en virtude da colaboración, enmárcanse no interese público, social e económico e, de acordo co disposto no artigo 26.2 da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrência competitiva pola especificidade das características que debe cumprir a entidade destinataria da subvención, o que dificulta a súa convocatoria pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

